

Autora: **CAROLINE DESNOËTTES**

Tradución: **EMMA LÁZARE**

Encadernado en cartón. 22x22 cm. Caixón de Arte

64 páxinas a toda cor con 36 lapelas despregables

Dispoñible en:

- Galego: "Mirar a pintura a través dos séculos"
Faktoria K de Libros. ISBN 978-84-935122-8-6
- Castelán: "Mirar la pintura a través de los siglos"
Faktoria K de Libros. ISBN 978-84-934641-8-9
- Catalán: "Mirar la pintura a través dels segles"
Faktoria K de Libros-Hipòtesi. ISBN 978-84-934380-5-0
- Portugués: "Olhar a pintura a través dos séculos"
Kalandraka. Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-64-4

Prezo: 22 €



MIRAR A PINTURA a través dos séculos

**Un libro de arte
para saborear en familia.**

"O primeiro mérito dun cadro é ser unha festa para a vista"

Eugène Delacroix



Este libro é -dende o comenzo- unha festa para os ollos, un saboroso hachado con 18 obras mestras da Pintura. Invita a pasear polas teas, a observar as cores, a examinar os detalles ampliados...

A disposición das páxinas tamén lle propón ao lector enredar levantando as lapelas para descubrir os textos ocultos que lle invitan a mirar, a xogar, e que lle aclaran a lectura dos cadros.

Os adultos contan ao final cun rico complemento á Historia da Arte, cunha galería cronolóxica de estilos, dende o gótico internacional ata a arte figurativa e abstracta, pasando polo século das luces, o impresionismo ou o fauvismo, con abundante información de cada etapa.

- **Temática:** explicación adaptada ao público infantil sobre 18 obras da Historia da Arte, dende pintores como Leonardo da Vinci ata Pablo Picasso, pasando por Paul Gauguin
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aplicacións:** cada pestana despregable presenta varias propostas, pensadas para o traballo nas aulas, relacionadas coa vida do autor, anécdotas relacionadas coa obra, reflexións sobre as cores, os estilos utilizados ou os contidos do cadro

Caroline Desnoëttes pretende facer partícipes a los lectores máis novos do marabilloso mundo da arte. A autora francesa escribiu numerosos libros para o público infantil, entre os que figuran coleccións como "O museo de...", "Pasea con cores" e "A Pintura a través do tempo".

Tamén é pintora e deseñadora: nesta faceta o seu maior obxectivo é desacralizar o mundo da arte, baixalo da torre de cristal na que se atopaba e achegarlle a arte á vida diaria da nosa sociedade. Unha das súas últimas exposicións realizouse na Mediateca de Issy-les-Moulineaux.